

## empresas especializadas

### ATLANTIS ADVENTURE TURISMO ACTIVO

Xallas, 27 (entrada de Cee) – 15270 (Cee)  
981 760 103 / 637 507 702  
www.atlantisadventure.es  
www.atlantisaventura.com  
info@atlantisadventure.es  
Actividades que ofertan: **travesías culturais en kaiak en augas tranquilas e nocturnas** (Ferverza do Ézaro).

### BOTERO GUNDÍN

Rúa Porto, local 10- 15113 (Malpica de Bergantiños)  
616 126 141  
alfredoboterogundin@gmail.com  
Actividades que ofertan: **travesías en barco ás Sisargas, alugamento de lancha.**

### BUCEO CARBALLO

Rúa Vázquez de Parga, 75 - 15102 (Carballo)  
981 754 533  
www.facebook.com/pg/Buceo-Carballo  
buceo@buceocarballo.org  
Actividades que ofertan: **tenda especializada en material para inmersións.**

### BUCEO FINISTERRE

Rúa Alcalde Fernández, 31 - 15155 (Fisterra)  
981 740 180  
www.buceofinisterre.com  
buceofinisterre@hotmail.com  
Actividades que ofertan: **cursos, saídas e bautismos de mergullo, tenda on-line especializada, esnórquel.**

### BUCEO MALPICA

Rúa Porto s/n - 15113 (Malpica de Bergantiños)  
630 677 910  
www.buceomalpica.com - www.buceomalpica.es  
buceomalpica@hotmail.com  
Actividades que ofertan: **cursos, saídas e bautismos de mergullo, esnórquel, travesías en barco ás Sisargas**

### CATAVENTOS ESCOLA DE VELA

Peirao de Corcubión, s/n - 15130 (Corcubión)  
666 369 324 (Whatsapp)  
www.cataventos.net  
info@cataventos.net  
Actividades que ofertan: **cursos e bautismos de vela lixeira.**

### CLUB NÁUTICO DE CAMARIÑAS

Peirao Novo s/n – 15123 (Camariñas)  
981 737 130 - 618 950 557 (Whatsapp)  
www.cncamarinas.com  
cncamarinas@cncamarinas.com  
Actividades que ofertan: **cursos de iniciación de vela lixeira, alugamento de kaiak**

### CLUB NÁUTICO DE FISTERRA

Travesía de Castela, 2, 2ºE - 15155 (Fisterra)  
981 712 196 / 981 740 356 / 981-712 196  
www.facebook.com/Club-Nautico-de-Fisterra  
nauticofisterra@hotmail.com  
Actividades que ofertan: **cursos e bautismo de vela lixeira**

### CLUB SILFO SURFCAMPS

Rúa praia s/n - 15113 (Malpica de Bergantiños)  
617 518 049  
www.silfocamps.com  
info@silfocamps.com  
Actividades que ofertan: **travesías en kaiak , esnórquel a pequena escala.**

### CLUBE NÁUTICO MALPICA

Porto de Malpica, Departamento 1 - 15113 (Malpica de Bergantiños)  
630 677 910  
www.facebook.com/nautico.malpica  
Actividades que ofertan: **travesías e cursos de kaiak de mar, vela lixeira, alugamento de material**

### CLUBE NÁUTICO PEDRA DO RONCUDO

Rúa Nova 38 -2º, Corme - 15114 (Ponteceso)  
689 353 528  
cnpdron@hotmail.com  
Actividades que ofertan: **alugamento de Kaiak**

### CRUCEROS FISTERRA

Avenida de Anchoa, 9 - 15155 (Fisterra)  
981 740 341 (Axencia onde contratar os tickets)  
607 198 095  
www.cruceosfisterra.com  
cruceosfisterra@hotmail.com  
Actividades que ofertan: **travesías en barco polas rías de Fisterra e Corcubión**

### ESCOLA SURF COSTA DA MORTE

Praia de Nemiña, 2ª entrada á praia - 15124 (Muxía)  
655 883 467 (Suso) /655 578 544 (Rubén)  
www.surfcostadamorte.com  
info@surfcostadamorte.com  
Actividades que ofertan: **travesías en canoa e kaiak nocturno** (Ferverza do Ézaro)

### NATURMAZ

Aeródromo de Ferverza - 15256 (Mazaricos)  
610 550 524  
www.naturmaz.com  
info@naturmaz.com  
Actividades que ofertan: **travesías en Kaiak en augas tranquilas** (encoro do Ézaro)

### NÁUTICA GOLFIÑO

2ª Travesía Carrero Blanco, 6 - 15145 (Caión-A Laracha)  
981 604 162  
www.nauticagolfino.es  
info@nauticagolfino.es  
Actividades que ofertan: **travesías en kaiak, iniciación ao mergullo, alugamento de catamarán** (Hobie Cat)



**COSTA DA MORTE**  
Asociación de Turismo CMAT



**XUNTA DE GALICIA**

galicia

# gal

# experiencias por augas salgadas e doces

## do Porto de Caión a Punta Insua

# EXPERIENCIAS DE TURISMO ACTIVO E DEPORTIVO NA COSTA DA MORTE



**COSTA DA MORTE**  
Asociación de Turismo CMAT



**XUNTA DE GALICIA**

galicia

# experiencias por augas salgadas e doces

## do Porto de Caión a Punta Insua

Pensar na Costa da Morte é pensar nas súas augas. Das salgadas do Atlántico ás doces dos grandes Xallas e Anllóns. As rías e ríos serven de escenario principal para o goce da aventura mediante a práctica dunha gran variedade de deportes náuticos e actividades de lecer.

A denominación de Costa da Morte foi acuñada a finais do século XIX e principios do XX. Nun momento en que o litoral galego era zona de paso obrigada para o transporte marítimo internacional, e onde se produciron un gran número de naufraxios. Isto significou a aparición de varios faros nas puntas máis perigosas, como o de Cabo Vilán, ademais do nacemento do alcume.

As rochas, os calados e os baixos próximos á terra deben terse en conta para a práctica segura de deportes como a vela, mergullo ou kaiak, que poderemos realizar grazas aos e ás profesionais que nos guían, grandes coñecedoras da abrupta costa.

## travesías

A Costa da Morte ten unha intensa tradición mariñeira e as súas augas doces son a columna que vertebra o territorio. O Anllóns e o Xallas son grandes ríos que verten as súas augas ao Atlántico, e serven, xunto a lagos, lagoas ou encoros, de escenario para a práctica de deportes como o kaiak.

Os centos de quilómetros de costa con rías como Camariñas, Corme e Laxe, Cee-Corcubión e Lires, e abrigos como os portos de Caión, Malpica, Corme, Laxe, Camelle, Santa Mariña, Camariñas, Muxía, Fisterra, Portocubelo e Corcubión son lugares de excepción para a práctica de deportes como a vela ou o kaiak de mar.

E para gozar dunha experiencia completa, podemos realizar unha travesía en barco. Coñecer rías como a de Fisterra e Corcubión ou achegarnos á extraordinaria paisaxe das Illas Sisargas en Malpica de Bergantiños son parte da aventura.

## kaiak

Na Costa da Morte existen competicións como o *Descenso en Kaiak da Ponte do Porto* en Camariñas, o *Campionato Galego de Descenso Aguas Bravas* ou algunha proba de *Sláalom do Campeonato de España* en Dumbría.

O kaiak e unha modalidade de piragüismo de unha, dúas ou catro prazas, olímpica desde Berlín en 1936 ata hoxe en día. O seu uso remontase ao ártico onde os inuits as utilizaban para pescar e cazar.

Navegando cun remo único de dobre pala, poderás poñer en practica as túas habilidades tanto en augas tranquilas de ríos, lagos e encoros como no mar. Na zona do Ézaro, onde o Xallas cae sobre o Atlántico nunha ferverza única en Europa, realízanse travesías nocturnas que ofrecen unha perspectiva máxica desta contorna natural privilexiada.



imaxe de Escola de Surf Costa da Morte

## vela

A navegación é unha das actividades humanas máis antigas. As travesías realizadas polos exipcios nas augas do Nilo son consideradas como as primeiras a vela, con todo, probablemente fose levado a cabo con anterioridade. Como deporte olímpico aparece nos Xogos de Londres en 1908, sendo hoxe máis accesible a súa práctica grazas ao empeño de achegalo a todos os públicos de clubs e entidades.

Nunha zona orixinada grazas ao mar, as actividades marítimas son parte da súa identidade. Actualmente podes achegarte aos seus portos e gozar da posibilidade de realizar un curso como iniciado navegante.

A importancia da vela na Costa da Morte pódese comprobar na gran cantidade de acontecementos que teñen lugar como as regatas da *Ría de Corcubión*, a do *Seno de Corcubión* ou a da *Liga Costa da Morte* promovida polos clubs náuticos de Camariñas, Corcubión, Laxe e Fisterra. Outros eventos son a *Xira Náutica Costa da Morte*, *Volta Náutica a Galicia*, o *Trofeo Concello de Mazaricos* ou a *Concentración de Escolas de Vela*. Ademais, a *Feira Náutica da Costa da Morte* que promove o Clube Náutico de Camariñas no 2018.



imaxe de Caraventos Escola de Vela

## barco

Unha interesante opción para o desfrute da Costa da Morte son as travesías en barco. Aquí podemos gozar das rías de Fisterra e Corcubión, ou achegarnos ás paradisíacas Illas Sisargas. Un espazo natural que serve de refuxio a especies mariñas protexidas, algunhas en perigo de extinción.



imaxe de Caraventos Escola de Vela

## inmersións

A sorprendente fauna e flora do espazo natural protexido, unido aos pecios naufragados baixo as súas augas, proporciónannos a tentadora oportunidade de vivir unha experiencia única para coñecer os fondos históricos da Costa da Morte.

## mergullo

A curiosidade polos fondos mariños é un dos grandes anhelos do ser humano unido ao de voar. As primeiras inmersiones probablemente fosen froito da necesidade de procurar alimento. Ao longo da historia, houbo varios dispositivos inventados para favorecer as inmersiones, sendo a mediados do século XX cando se consegue un regulador para mergullo autónomo, ideado polos franceses Jacques-Yves Cousteau e Emile Gagnan.

Para somerxernos precisamos da guía dalgún ou dalgunha instrutora profesional, que nos dotaran do material e consellos imprescindibles para efectuar a actividade de modo seguro. O mergullo permítenos chegar ao descoñecido paraíso de natureza e patrimonio que se esconde nos fondos mariños. Un novo modo de percibir a riqueza da Costa da Morte.



imaxe de Buceo Malpica

## esnórquel

Unha das modalidades de submarinismo que hoxe máis se practican é o esnórquel. Esta palabra, procedente do descubridor alemán Schnorchel, denomina o tubo que nos permite respirar mentres estamos baixo a auga. Esta actividade de ocio serve aos mergulladores e mergulladoras profesionais para buscas e rescates en superficie. Para a súa práctica só precisamos un equipo lixeiro composto polo tubo, unha máscara e aletas.



imaxe de Buceo Finisterre